

CERTIFICADO

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 28.05.2018, aprobou o seguinte ACORDO:

3 INCOACIÓN EXPEDIENTE Nº 2018/C003/000005: PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA-ASADOS-IGREXA-LEIRO

A Deputación da Coruña en sesión plenaria do día 23 de marzo de 2018, aprobou a Segunda e derradeira fase do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.

No uso das facultades que me confire a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español das directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e tendo delegado a incoación na Xunta de Goberno Local por Resolución 505/2016, de data 19 de outubro, proponse a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

Incoar expediente de contratación, mediante Procedemento aberto, de acordo cos artigos 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de febreiro de 2014, para a adxudicación da obra relativa ao proxecto cuxo detalle se indica:

| | |
|-------------------------------|---|
| Denominación do proxecto | PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA-ASADOS-IGREXA-LEIRO |
| Técnica redactora do proxecto | Amancio Losada Vicente (colexiado COAG nº 1463) |
| Presuposto base de licitación | 122.981,38€ (V.E.,101.637,50€/ IVE 21.343,88€) |

| Financiamento do investimento | | |
|-------------------------------|---------------------------|-----------------|
| DEPUTACIÓN | Achega Concello de Rianxo | Orzamento total |
| 78.975,91€ | 44.005,47€ | 122.981,38€ |

Este documento electrónico asinado dixitalmente pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 53,218 exp. 2018/G007/000010

SEGUNDO

Incorpórese ao expediente a documentación conforme á normativa vixente que se relaciona a continuación:

- Proxecto Técnico (o indicado) que contén: memoria, planos, Pregos de prescricións técnicas, orzamento detallado e medicións, estudo de seguridade e saúde, así como acta de replánteo previo.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Certificado de Existencia de Crédito.
- Informe de fiscalización da Intervención.
- Informe de Secretaría.

A Xunta de Goberno Local, ACORDA por unanimidade dos 6 membros presentes, dos 6 que a constitúen, APROBAR dita proposta nos termos desta.

E para que conste, asino este certificado, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe da Alcaldía.

Rianxo, martes 29 de maio de 2018

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez